



JOSE - ANTONIO MONTERO PARDO


NOTARIO

REP. DE EL SALVADOR, 32 - 1.º A

TELS. 981 59 26 66 / 981 59 26 62

FAX 981 59 53 62

SANTIAGO



Año 1999

Núm. 108

1070
26 FEB 1999

CONSTITUCION DA SOCIEDADE "INFORMACION
E COMUNICADION LOCAL. S.A." (INCOLSA)

Interven:

EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



NUMERO CIENTO OITO

En Santiago, a miña residencia, a vinte de xaneiro de mil novecientos noventa e nove. _____

Perante mín, JOSE ANTONIO MONTERO PARDO, Notario do Ilustre Colexio de A Coruña, _____

C O M P A R E C E N:

DON JOSE ANTONIO SANCHEZ BUGALLO, Alcalde-- Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela. _____

DONA DELFA LOSA GARCIA, solteira, veciña de Santiago, con domicilio en Montero Rios 17, 1ºA.-/ D.N.I. número 33.290.741-N. _____

DON JOSE MANUEL VILLANUEVA PRIETO, casado, veciño de Santiago, con domicilio en Fray Rosendo Salvado 10, 2º-A.- D.N.I. número 32.430.998. _____

DON JOSE ANGEL BAQUEIRO CANABAL, casado, veciño de Santiago, con domicilio na Rúa Entrecercas 2, ático B.- D.N.I. 33.213.504-D. _____

DON NESTOR REGO CANDAMIL, casado, veciño de Santiago, con domicilio en Praza de Europa 20, 5º-

-A.- D.N.I. número 33.854.988-T._____

DONA MARIA MARTA ALVAREZ MONTES, solteira,
veciña de Santiago, con domicilio en Montero Rios
36.D.N.I. número 33.149.420._____

DON JOSE RAMON DE LA FUENTE BREA, casado,
veciño de Santiago, con domicilio en Rúa da Espiñei-
ra 24, 2º.- D.N.I. número 33.150.850._____


Son todos maiores de idade._____

Os coñezo._____

I N T E R V E Ñ E N:

A) Don José Antonio Sánchez Bugallo, no
exercicio do seu cargo de Alcalde, que me consta por
notoriedade, en representación do Excmo. Concello de
Santiago de Compostela, correspondéndolle ó devandi-
to cargo o desenvolvemento dos acordos pertinentes
do Excmo. Concello Pleno, segundo consta en certifi-
cación expedida polo Secretario Xeral do Excmo. Con-
cello de Santiago de Compostela, o 13 de xaneiro de
1999, que incorporo a esta matriz, lexitimando a
firma que o autoriza._____

O acto obxecto desta escritura foi acordado
polo Pleno da Corporación, na Sesión celebrada no
día 24 de febreiro de 1995, segundo consta en certi-
ficación expedida polo Secretario Xeral do Concello



Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, co Vº e Prace do Alcalde o 18 de xaneiro de 1999, que incorporo a esta matriz, lexitimando as firmas que a autorizan, quedando o devandito acordo aprobado definitivamente segundo consta en certificado expedido polo devandito Secretario señor Castiñeira Izquierdo el 19 de xaneiro de 1999, co Vº e Prace do Alcalde, que incorporo a esta matriz, lexitimando as firmas ca autorizan._____

B) Os demais interveñen en nome propio._____

Xulgo ós comparecentes con capacidade para outorga-la presente escritura de CONSTITUCION DE SOCIEDADE ANONIMA._____

O U T O R G A N:

PRIMEIRO.- CONSTITUCION E ESTATUTOS:_____

O Concello de Santiago de Compostela, constitue unha sociedade anónima coa denominación, obxecto, duración, capital, domicilio e demais circunstancias que resultan dos Estatutos, firmados polo Sr. Alcalde Don José Antonio Sánchez Bugallo, que

aprobados e elevados a escritura pública, quedan incorporados a esta matriz, xuntamente ca Memoria explicativa da súa creación, todo estendido en coarenta e cinco folios de papel común, escritos solo polo seu anverso, debidamente dilixenciados, paxinados do número 2 ó 46, ámbolos dous inclusive.-----

Entréganme para incorporar a esta matriz, como así o fago eu ó Notario, a preceptiva certificación da denominación, do Rexistro Mercantil Central.-----

SEGUNDO.- CAPITAL SOCIAL, SUSCRIPCION Y DESEMBOLOSO:-----

O capital social é de DEZ MILLONS DE PESETAS, equivalentes a 60.101,21 euros, representado por CEN acciós de CEN MIL PESETAS, equivalentes a 601,01 euros, cada unha, numeradas do un ó cen, ámbolos dous inclusive, de única serie e clase, todas nominativas, totalmente desembolsadas e suscritas polo Excmo. Concello de Santiago de Compostela.-----

Incorporo a esta escritura certificación da Caixa Galicia, acreditativa do devandito desembolso do capital.-----

TERCERO.- PREVISION DE GASTOS DE CONSTITUCION:-----



Estímase que os gastos de constitución da presente Sociedade, incluíndo tanto os xa realizados coma os previstos ata a inscrición desta escritura no Rexistro Mercantil, non serán superiores ó catro por cento da devandita cifra do capital social.——

CUARTO.- NOMEAMENTO DE CONSELLO DE ADMINIS-
TRACION:——

De acordo co artigo 15º e seguintes dos estatutos, constitúese o Consello de Administración, composto polo Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Santiago DON JOSE ANTONIO SANCHEZ BUGALLO, como Presidente, e como conselleiros DONA DELFA LOSA GARCIA, DON JOSE MANUEL VILLANUEVA PRIETO, DON JOSE ANGEL BAQUEIRO CANABAL, DON NESTOR REGO CANDAMIL, DONA MARIA MARTA ALVAREZ MONTES e DON JOSE RAMON DE LA FUENTE BREA, designados pola Corporación en Pleno do Excmo. Concello de Santiago, segundo consta en certificacións expedidas polo Secretario Xeral do devandito Concello, con Vº e Prace do Alcalde, que incorporo a esta matriz, lexitimando as firmas que as

autorizan._____

Aceptan os comparecentes os cargos, manifestando non atoparse incursos en causas de incapacidade e incompatibilidade, de acordo co establecido na vixente lexislación de Réxime Local._____

Feitas as reservas e advertencias legais, especialmente as de carácter fiscal e as relativas ó Rexistro Mercantil._____

Léolles esta escritura ós comparecentes, pola súa elección, atópana conforme, consíntena e asínana._____

Eu, Notario, dou fe de todo o contido neste instrumento público, estendido en tres folios de papel para documentos notariais, serie 2S, números 5008304 e os dous seguintes correlativos._____

Están as sinaturas dos comparecentes. Asinado: José A. Montero Pardo.- Rubricados.- Selo da Notaría._____




FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO, Secretario Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela,

CERTIFICO: Que Don José A. Sánchez Bugallo provisto de D.N.I núm. 33.210.650 exerce como Alcalde Titular do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Que en virtude das atribucións que lle confire os artigos 21 da LBRL e 61 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, está facultado para que en desenvolvemento dos acordos pertinentes do Excmo. Concello Pleno, represente a éste nos actos de constitución e tramitación da Sociedade Información e Comunicación Local (INCOLSA).

E para que conste ós efectos oportunos expido a presente en Santiago de Compostela a trece de xaneiro de mil novecentos noventa e nove.



Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Secretario Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela,

CERTIFICO: Que o Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día vintecatro de febreiro de mil novecentos noventa e cinco, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

6. PROPOSTA DA COMISIÓN DE ESTUDIO RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA EMPRESA MUNICIPAL DE COMUNICACIÓN.

A proposta de creación dunha empresa municipal de comunicación, que eleva ó Pleno da Corporación o voceiro do grupo socialista, señor Sánchez Bugallo, ten o seguinte contido:

"O Excmo. Concello de Santiago vén desenvolvendo nos últimos tempos un importante esforzo orientado a facilita-la comunicación entre o Concello e os cidadáns, favorecendo o acceso destes á administración local e fomentando a súa participación.


Boa proba deste esforzo amósase a través da creación de toda unha serie de servizos: 010, Oficina de Atención ó Cidadán, Oficina de Relacións Veciñais, e tamén a través de diversas publicacións, "Compostela, Camiño do 99", "Correo do 99", entre outras.

Estes servizos son xestionados directamente polo Concello de Santiago e o seu réxime financeiro desenvólvese dentro dos límites presupostarios.

Á pesar disto, resultan insuficientes para cubri-las demandas de comunicación do Concello cos cidadáns, o que fai necesario que a Administración municipal deseñe un marco adecuado para completa-la rede comunicativa e afronta-los novos retos e posibilidades tecnolóxicas e legais que estean ó seu alcance.

É necesario destacar que a comunicación constitúe unha especie de fio conductor que conecta ás Institucións co pobo e os cidadáns, a través do que circula a información necesaria para que o pobo e as persoas acaden plenamente a categoría de copartícipes na sociedade, e que cando non existe ou non funciona adecuadamente experimentáanse consecuencias claramente nocivas para a sociedade.

A promoción da vida pública desde unha óptica democrática pretende eleva-la formación do cidadán a través dunha adecuada información para que participe e exerza



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



puntual e eficazmente os seus dereitos e os seus deberes. O control da vida pública busca a supervisión e vixilancia do sistema político, proporcionando datos para a discusión e o contraste dos asuntos públicos, económicos, sociais, culturais, etc.

Por outra banda, a administración aparece como un axente fundamental na introducción das novas tecnoloxías da comunicación, obrigada como está, a mante-lo desenvolvemento social nos máximos niveis posibles.

Ante estes argumentos coincidiremos en apreciar a imprescindibilidade que para o Excmo. Concello de Santiago ten avanzar o máis posible na comunicación cidadá no seu ámbito territorial.


Se xa, coa relativamente reducida prestación, as dificultades e inconvenientes desta forma de xestión son múltiples, estas, que pasan a expoñerse a continuación, aumentarán coa ampliación prevista das modalidades de prestación.

En primeiro lugar, a administración destes servizos non pode levarse coa suficiente claridade que nos amose periodicamente e de forma analítica os seus rendementos, o control de inversións, a rendabilidade das melloras programadas, etc., pola dificultade que representa o movemento contable e financeiro conxunto e indistintamente levado co resto dos servizos municipais, que se canalizan a través do Presuposto Xeral Ordinario.

En segundo lugar, preséntase outra dificultade, de maior importancia aínda que a anterior. A xestión e dirección deste servizo, no sistema actual de xestión directa sen órgano especial, corresponde ós órganos xestores xerais do Concello: o Concello, a Comisión de Goberno e a Alcaldía-Presidencia, cada un enmarcado dentro do círculo das súas respectivas atribucións legais.

Desde o momento no que a propia Lei Reguladora de Bases de Réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, admiten outras formas de xestión, máis áxiles e eficaces, para a realización dos distintos servizos municipais, e especialmente os de índole económica, se está recoñecendo en efecto, que esa maneira de xestión directa non é a adecuada, dende o punto de vista do xestor económico e financeiro que predomina na prestación destes servizos que implican o exercicio de actividades económicas.

Estes inconvenientes agudízanse no caso que nos ocupa dada a boa especialización técnica, profesional e financeira que require o exercicio e prestación dos servizos de comunicación social.



CONCELLO DE SANTIAGO

Non obstante, varias razóns aconsellan a xestión directa destes servizos en lugar da indirecta ou de só a iniciativa privada. A necesidade de instrumentos de comunicación colectiva que teñan por obxecto a atención fundamental á participación e información dos cidadáns por encima de intereses comerciais, é quizais, o máis claro e determinante argumento neste sentido. A difusión de actividades minoritarias, a formación dos cidadáns, e, no ámbito que nos ocupa, a intercomunicación a nivel exclusivamente local, son aspectos que non son cubertos pola iniciativa privada e que un concesionario en xestión indirecta dificilmente abordaría con plenas garantías.

A prestación deste tipo de servizos conleva unha actividade de carácter mercantil, fundamentalmente nas modalidades de prestación dun servizo específico. A súa utilidade pública é patente por estar encamiñada ó fomento dos intereses e ó beneficio dos habitantes do municipio de Santiago.

Neste senso, a Comisión de Goberno, consonte á proposta do concelleiro-delegado que suscribe, de cinco de xaneiro dos correntes, adoptou acordo no que se sinalaba "que é interese do Concello prestar ós cidadáns de Santiago o máximo nivel de servizos, dentro das competencias establecidas no artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local, acórdase co fin de favorecer-la comunicación local designar como membros dunha Comisión de Estudio para a elaboración dunha memoria sobre a forma de xestión e a posibilidade de realizala cunha Sociedade Mercantil do servizo de información local, á vista do disposto nos artigos 85 da Lei 7/85, de 2 de abril, e 97 do T.R 781/86, do 18 de abril a:

- D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Presidente.
- D. Xosé M. Villanueva Prieto.
- D. Xosé A. Baqueiro Canabal.
- D. Pablo Piñeiro Ares.
- D. Xosé Antonio Perozo Ruíz.
- D. Felipe Molinero Gil.

Asemade acórdase que se realicen os trámites pertinentes para proceder ó rexistro das denominacións:

- Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA).
- Información e Comunicación Municipal, S.A. (INCOMUSA).

Por todo o anterior e unha vez concluídos os traballos da Comisión de Estudio,

2S5009545



proponse ó Excmo. Concello Pleno o inicio dos trámites legais para a configuración dunha estrutura xurídica autónoma que facilite e axilice a xestión destes servizos, considerando adecuada a xestión directa a través da sociedade mercantil, de acordo cos artigos 85 da LBRL e 97 do TRRL, aprobando inicialmente o presente proxecto de memoria e estatutos da sociedade mercantil de titularidade municipal."

Acompaña á proposta a correspondente memoria con descripción detallada dos seus aspectos sociais e xurídicos, e o proxecto de estatutos polos que se rexerá a sociedade, que contaría cun capital social de 10 millóns de pesetas, totalmente desembolsadas e subscritas polo Concello.

O artigo 2 dos estatutos describe o obxecto social da sociedade, que estará constituído pola explotación e xestión dos intereses e dereitos municipais en materia de comunicación e proxección pública, a xestión dos medios de comunicación do Concello de Santiago de Compostela, a prestación dos servizos de información e comunicación do Concello e a xestión e prestación de servizos de información e comunicación e información en xeral. En especial, é o seu obxecto:

- a) A comunicación impresa mediante revistas, folletos, carteis e calquera outro medio que estime necesario.
- b) A produción, reprodución e difusión de imaxes e sons, a través dos sistemas que se consideren oportunos.
- c) O desenvolvemento doutros medios de información e comunicación que se consideren convenientes.
- d) O desenvolvemento e xestión de exposicións, campañas de información, promoción, etc.
- e) O asesoramento e a xestión de asuntos que impliquen programas ou demandas de comunicación integral.
- f) A participación, concertación e colaboración en entidades, empresas ou institucións das que as seus fins e obxectivos sexan coincidentes ou complementarios cos previstos neste artigo.
- g) A explotación comercial de publicacións, imaxe corporativa, símbolos e

anagramas de titularidade do Concello de Santiago de Compostela.

h) Cantas actividades ou funcións sexan anexas ou complementarias das anteriores e, en xeral, todas aquelas encamiñadas á promoción da cidade de Santiago e dos seus habitantes.


Consonte a proposta do voceiro do grupo municipal socialista e o dictame favorable da Comisión de Facenda e Réxime Interior, correspondente á súa reunión do pasado día 20, o Pleno da Corporación, ó abeiro do que dispoñen os artigos 97 do Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local e 63 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais acorda por 13 votos a favor e 11 en contra:

a) Tomar en consideración o proxecto de memoria e estatutos da Sociedade Mercantil de titularidade municipal "INCOLSA" (Información e Comunicación Local S.A.

b) Expoñer ó público a memoria e os estatutos polo prazo de trinta días naturais, mediante anuncios no Boletín Oficial do Estado e no da Provincia, para que os particulares e entidades poidan formula-las observacións que estimen oportunas.

E para que conste ós efectos oportunos expido a presente co Visto e Prace do Sr. Alcalde en Santiago de Compostela, a dezaioito de xaneiro de mil novecentos noventa e nove.

Vº. e Prace:
O ALCALDE,



2S5009546



Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Secretario Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela,

CERTIFICO: Que o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 24 de febreiro de 1995 relativo “á creación dunha empresa municipal de comunicación (INCOLSA)” foi publicado no Boletín Oficial da Provincia do día 13 de marzo de 1995 sen que se produciran alegacións durante o prazo de información pública, polo que se eleva a definitiva a creación da Empresa Municipal de Comunicación (INCOLSA).

E para que conste ós efectos oportunos expido presente co Visto e Prace do Sr. Alcalde en Santiago de Compostela a dezanove de xaneiro de mil novecentos noventa e nove.

Vº. e Prace:
O ALCALDE,



CONCELLO DE SANTIAGO

SECRETARÍA DE PARTICIPACIÓN

O presente asunto concórda co seu orixinal
que me foi entregado.

Santiago, a 10 de Maio de 2010

O SECRETARIO

PRESENTACIÓN

O Excmo. Concello de Santiago vén desenvolvendo nos últimos tempos un importante esforzo orientado a facilita-la comunicación entre o Concello e os cidadáns, favorecendo o acceso destes á administración local e fomentando a súa participación.

Boa proba deste esforzo amósase a través da creación de toda unha serie de servizos : 010, Oficina de Atención ó Cidadán, Oficina de Relacións Veciñais, e tamén a través de diversas publicacións, "Compostela, Camiño do 99", "Correo do 99", entre outras.

Estes servizos son xestionados directamente polo Concello de Santiago e o seu réxime financeiro desenvólvese dentro dos límites presupostarios.

Á pesar disto, resultan insuficientes para cubri-las demandas de comunicación do Concello cos cidadáns, o que fai necesario que a Administración municipal deseñe un marco adecuado para completa-la rede comunicativa e afronta-los novos retos e posibilidades tecnolóxicas e legais que estean ó seu alcance.

É necesario destacar que a comunicación constitúe unha especie de fio conductor que conecta ás Institucións co pobo e os cidadáns, a través do que circula a información necesaria para que o pobo e as persoas acaden plenamente a categoría de copartícipes na sociedade, e que cando non existe ou non funciona adecuadamente experimentanse consecuencias claramente nocivas para a sociedade.

A promoción da vida pública desde unha óptica democrática pretende

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

25 1114

2S5009547



CONCELLO

JOSE ANTONIO MONTERO

SECRETARIO

O presente documento é unha copia do original
que me foi entregue en
Santiago de 19

SECRETARIO

eleva-la formación do cidadán a través dunha adecuada información para que participe e exerza puntual e eficazmente os seus dereitos e os seus deberes. O control da vida pública busca a supervisión e vixilancia do sistema político, proporcionando datos para a discusión e o contraste dos asuntos públicos, económicos, sociais, culturais, etc.

Por outra banda, a administración aparece como un axente fundamental na introducción das novas tecnoloxías da comunicación, obrigada como está, a mante-lo desenvolvemento social nos máximos niveis posibles.

Ante estes argumentos coincidiremos en aprecia-la imprescindibilidade que para o Excmo. Concello de Santiago ten avanzar o máis posible na comunicación cidadá no seu ámbito territorial.

Se xa coa, relativamente, reducida prestación, as dificultades e inconvenientes desta forma de xestión son múltiples, estas, que pasan a expoñerse a continuación, aumentarán coa ampliación prevista das modalidades de prestación.

En primeiro lugar, a administración destes servizos non pode levarse coa suficiente claridade que nos amose periodicamente e de forma analítica os seus rendementos, o control de inversións, a rendabilidade das melloras programadas, etc., pola dificultade que representa o movemento contable e financeiro conxunto e indistintamente levado co resto dos servizos municipais, que se canalizan a través do Presuposto Xeral Ordinario.

En segundo lugar, preséntase outra dificultade, de maior importancia aínda que a anterior. A xestión e dirección deste servizo, no sistema actual de xestión directa sen órgano especial, corresponde ós órganos xestores xerais do Concello: o Concello, a Comisión de Goberno e a Alcaldía-Presidencia, cada un enmarcado dentro do círculo das súas respectivas atribucións legais.

O presente escrito concorda co seu orixinal
que ma foi emosado

Santiago, _____ de _____ de 19____

O SECRETARIO,


Desde o momento no que a propia Ley Reguladora de Bases de Réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 781/1.986 de 18 de Abril, admiten outras formas de xestión, máis áxiles e eficaces, para a realización dos distintos servizos municipais, e especialmente os de índole económica, se está recoñecendo en efecto, que esa maneira de xestión directa non é a adecuada, desde o punto de vista do xestor económico e financeiro que predomina na prestación destes servizos que implican o exercicio de actividades económicas.

Estes inconvenientes agudízanse no caso que nos ocupa dada a boa especialización técnica, profesional e financeira que require o exercicio e prestación dos servizos de comunicación social.

Non obstante, varias razóns aconsellan a xestión directa destes servizos en lugar da indirecta ou de só a iniciativa privada. A necesidade de instrumentos de comunicación colectiva que teñan por obxecto a atención fundamental á participación e información dos cidadáns por encima de intereses comerciais, é quizais, o máis claro e determinante argumento neste sentido. A difusión de actividades minoritarias, a formación dos cidadáns, e, no ámbito que nos ocupa, a intercomunicación a nivel exclusivamente local son aspectos que non son cubertos pola iniciativa privada e que un concesionario en xestión indirecta dificilmente abordaría con plenas garantías.

A prestación deste tipo de servizos conleva unha actividade de carácter mercantil, fundamentalmente nas modalidades de prestación dun servizo específico. A súa utilidade pública é patente por estar encamiñada ó fomento dos intereses e ó beneficio dos habitantes do municipio de Santiago.

Neste senso, a Comisión de Goberno, consonte á proposta do concelleiro delegado que subscribe, de cinco de xaneiro dos correntes, adoptou



acordo no que se sinalaba "que é interese do Concello prestar ós cidadáns de Santiago o máximo nivel de servizos, dentro das competencias establecidas no artigo 25 da Lei de Bases do Réxime Local, acórdase co fin de favorecer a comunicación local designar como membros dunha Comisión de Estudio para a elaboración dunha memoria sobre a forma de xestión e a posibilidade de realizala cunha Sociedade Mercantil do servizo de información local, á vista do disposto nos artigos 85 da Lei 7/85 do 2 de abril e 97 do TR 781/86 fo 18 de abril a:

- D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Presidente.
- D. Xosé M. Villanueva Prieto.
- D. Xosé A. Baqueiro Canabal.
- D. Pablo Piñeiro Arcs.
- D. Xosé Antonio Perozo Ruíz.
- D. Felipe Molinero Gil.

Asemade acórdase que se realicen os trámites pertinentes para proceder ó rexistro das denominacións:

- Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA).
- Información e Comunicación Municipal, S.A. (INCOMUSA)."

Por todo o anterior e unha vez concluídos os traballos da Comisión de Estudio, propónse ó Excmo. Concello Pleno o inicio dos trámites legais para a configuración dunha estrutura xurídica autónoma que facilite e axilice a xestión destes servizos, considerando adecuada a xestión directa a través da sociedade mercantil, de acordo cos artigos 85 da LBRL e 97 do TRRL, aprobando inicialmente o presente proxecto de memoria e estatutos da sociedade mercantil de titularidade municipal.




CONCELLO DE SANTIAGO
DILIXENCIA DE EMPROBACIÓN
O presente escrito concorda co seu original
que me foi amosado en
Santiago, de de 19de
O SECRETARIO.

En Santiago, a 16 de febreiro de 1995.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Presidente da Comisión de Estudio.

2S5009549



CONCELLO DE
SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO
DISEÑO: JOSÉ ANTONIO MONTERO PARDON
O presente es el original
que me foi entregue
Santiago, _____ de 19____
O SECRETARIO.

MEMORIA SOCIAL



CONCELLO DE SANTIAGO

SECRETARÍA DE COMUNICACIÓN


O presente documento concorda co seu orixinal
que lle foi afoitosado

Santiago, ____ de ____ de 19__

O SECRETARIO.

INDICE

- 1.- Antecedentes.
- 2.- Ambito de actuación.
- 3.- Obxectivos.
- 4.- Funcións.
 - a/ Atención ós medios de comunicación.
 - b/ Publicidade.
 - c/ Atención ó cidadán.
 - d/ Publicacións.
 - e/ Novos medios e canles.
 - f/ Exposicións.
 - g/ Proxección da cidade.
 - h/ Asesoramento.
- 5.- Xestión económica, criterios e medios de financiamento.


CONCELLO DE
SANTIAGO

25 DIA 285009550

CONCELLO DE SANTIAGO

DIRECCIÓN DE CONFRONCIÓN

lo escrito concorda co seu orixinal
que me foi amosado

Santiago de 19 de 19
O SECRETARIO

I ANTECEDENTES

Desde a consecución da capitalidade, Santiago de Compostela viu medrar a súa relevancia como centro xerador de información e noticias non só no ámbito da comunidade autónoma senón tamén cara ó exterior.

Parellamente, nos últimos dez anos, como consecuencia do impulso planificador, inversor, executor e dinamizador do Concello, a vida municipal da cidade converteuse en centro de atención de primeira orde para os composteláns, rachando coa tradicional apatía e conformismo que caracterizou a historia compostelana da última centuria. Como reflexo inmediato, a participación dos cidadáns na vida pública, cultural e social, e o crecente interese pola realidade local, son dous signos distintivos e positivos da vida de Compostela no tempo presente.

Estas situacións da realidade de Compostela definen as liñas da presente memoria, na que exporemos – diante da demanda que delas emana – a necesidade, viabilidade e oportunidade para a creación da empresa municipal "INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, SOCIEDADE ANÓNIMA" (INCOLSA). Un organismo con aspectos novedosos que ten como obxectivo fundamental unha maior e mellor transparencia na comunicación institucional entre o Concello e os cidadáns.

Hai pouco máis de trece anos, Compostela era, no campo informativo, unha cidade que despertaba o interese dos medios de comunicación en un escasas oportunidades ó ano. Coa chegada da democracia e a autonomía galega, converteuse no centro das miradas dos comentaristas, no punto de encontro dos obxectivos, no campo de loita dos micrófonos, no palpitir dos teletipos... É, informativamente falando, un centro xerador de información de




CONCELLO DE SANTIAGO
EXEMPLE DE CONTRAÇÃO
O presente escrito concorda co seu orixinal
que me foi amosado
Santiago, de de 19
O SECRETARIO,

primeira orde.

Avalan estas afirmacións a presenza en Santiago de Compostela dunha grande concentración de medios de comunicación –consecuencia lóxica da situación social, política, económica, administrativa e cultural de Santiago de Compostela–, pero que ó mesmo tempo presenta unha conflictividade interna, por latente pouco estudiada e, incluso, case imperceptible dado o pouco tempo transcorrido desde o seu crecente desenvolvemento. Sen embargo o conflito entre unha cidade media – cen mil habitantes, máis trinta e tres mil universitarios –, e o gran volume xerador de información "oficial", "oficiosa" e "institucionalizada" doutras instancias administrativas alleas ó Concello – Xunta de Galicia, Parlamento Galego, Valedor do Pobo, partidos políticos, sindicatos, etc –, xogará nun futuro inmediato contra a verdadeira comunicación institucional entre o Concello e os seus administrados.

Dun xeito socialmente pouco perceptible xa pode observarse que o protagonismo de Santiago de Compostela na maioría das ocasións queda agochado baixo da importancia da outra información que na cidade se xenera. Esta circunstancia competitiva vai en detrimento da transmisión da realidade institucional ós cidadáns interesados, posto que o "local" de Compostela só será noticia de alcance en tanto que sexa de determinado signo – catástrofes, sucesos, protestas, etc. –, mentres que a xestión institucional positiva dificilmente acadará o interese dos medios de comunicación.

Esta paradoxa informativa reflecta unha tendencia a facer de Compostela – unha cidade cun alto nivel de persoal transeúnte, outra grande porcentaxe de veciños ocasionais en función do traballo ou o ensino, etc. – unha urbe despersonalizada e novamente de costas ós seus auténticos intereses e proxección de futuro. O proceso dinamizador da vida compostelá require que desde o Concello se poñan os medios axeitados para que a comunicación institucional chegue dun xeito eficaz e positivo ó compostelán e cubra os



espacios que naturalmente lle corresponden na galaxia comunicacional.

Doutra banda, Santiago de Compostela, polas excepciónais características de cidade receptora de turismo e xeradora de importantes actividades culturais, que deben traspasa-los seus propios límites xeográficos, ten necesidade dun organismo con capacidade suficiente que proxecte a información adecuada ós seus intereses.



A todas estas circunstancias temos que engadi-la necesaria modernización e axilización – de feito xa emprendida co 010 e o **SERVICIO DE ATENCIÓN Ó CIADÁN** – das relacións entre o Concello como institución e os veciños como demandantes de consultas e solucións a problemas personais. Neste senso o Concello de Santiago de Compostela nos últimos anos, polas mesmas razóns apuntadas nos primeiros parágrafos deste apartado, alcanzou unas dimensións inéditas na historia da cidade. Esta realidade, unida ó gran proceso inversor das administracións, conlevou unha inadecuación da maquinaria administrativa existente ás necesidades que todo o proceso esixía cunha merma na capacidade de resposta diante das demandas cidadáns de información sobre casos de particulares ou de colectivos. Comunicación na meirande parte das consultas facilmente solucionables en instancias administrativas.

A gran extensión xeográfica do municipio e, polo tanto, a dispersión do hábitat, cada vez máis integrado na vida real do núcleo urbano gracias á política descentralizadora e de prestacións de servizos dos últimos gobernos municipais, abondou nesta demanda que obriga a novas propostas de atención ó cidadán. Hai que entender, por tanto, a información como unha nova dimensión comunicacional que esta empresa municipal cumprirá con medios axeitados ás circunstancias, sempre en beneficio dos administrados e da transparencia da xestión municipal.

As recentes experiencias de publicacións periódicas, co boletín

O presente escrito concorda co seurixado
que me foi amosado.

Santiago, de _____ de 19__

O SECRETARIO.


mensual **COMPOSTELA 93**, auspiciado polo Consorcio da Cidade de Santiago, e coa revista de información municipal **COMPOSTELA, CAMIÑO DO 99**, que dun xeito gratuíto chegan a tódolos recunchos do municipio, animan a seguir nesta aposta comunicacional, aberta e democrática, dada a boa acollida cidadá e mesmo da prensa local e círculos de opinión solventes.

Estes precedentes falan por si sos da receptividade cidadá e do desexo dos administrados de informarse do que acontece, se proxecta, executa ou se deixa de facer no seu entorno.

No apartado da comunicación e información publicitaria o proceso dos Concellos, que saltou da mensaxe do pregociro e o pasquín ás páxinas dos xornais e ondas de radio, nunca estivo rexida por liñas claras á hora de emitir as mensaxes. A boa vontade, as esixencias legais e o desexo real de facer chegar ós administrados normas, avisos, edictos, etc. foron confundindo o cauce da "inserción publicitaria" sen máis co obxectivo da emisións das ideas, ordes ou conceptos que necesitan dun auténtico e correcto tratamento publicitario profesional para que a mensaxe acade a eficacia que institucionalmente o Concello desexa ou as circunstancias requiren e o cidadán demanda.

Neste apartado, **INCOLSA** aportará unha visión profesionalizada e adecuada ás esixencias da comunicación moderna, antepoñendo a mensaxe ó concepto simple da publicidade. Do que se desprenderá unha maior eficacia e un aforro nos custes e inversións.

Para rematar, hai que sinalar que os medios de comunicación no ámbito dos Concellos, co avance e implantación das novas tecnoloxías, van sufrir un proceso transformador vertixinoso ó que os propios concellos deberán estar moi atentos, ter capacidade de resposta, vixiar e participar activamente


**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CONCELLO DE SANTIAGO

255009552

DIRECCIÓN DE CONFRONTACIÓN

O presente escrito concorda co seu orixinal
que me foi amosado
Santiago de 18 de 19__

O SECRETARIO



con tres obxectivos fundamentais: un, non permaneceren de costas á realidade e participaren obrigatoriamente nela salvagardando os intereses dos administrados e facéndoo no seu beneficio fronte a intereses alleos; dous, utiliza-las novas canles e instrumentos de información para obter un mellor e máis fluído diálogo entre a institución municipal e os cidadáns; e tres, instrumentaliza-los avances informativos para que a cidade non perda a súa identidade coa integración nas homoxeneidades informativas que se anuncian para o terceiro milenio.

II AMBITOS DE ACTUACIÓN

No xogo das actuacións democráticas o Concello ten a obriga de informar e os cidadáns teñen o dereito de ser informados puntualmente do que acontece na cidade e das decisións que se toman e concernen a todos.

Partindo desta premisa o ámbito de actuación de **INCOLSA** será estrictamente o municipal, sen prexuízo de que a proxección comunicacional, en beneficio dos intereses xerais de Compostela, trascenda os seus límites ou fronteiras xeográficas.

INCOLSA explotará e xestionará os intereses e dereitos municipais en materia de comunicación e proxección pública; a xestión dos medios de comunicación que o Concello de Santiago de Compostela considere oportuno poñer en funcionamento no tempo e coa duración que se estime necesaria; prestará os servizos de comunicación, información e asesoramento en xeral e as particularidades que se recollen nos estatutos da empresa.

Será función de **INCOLSA** coordinar e asumir tódolos aspectos de interese informativo xenerados polos diferentes departamentos do Concello

O presente escrito concorda co
que me foi amosado
Santiago, de 16 de 19
O SECRETARIO,

coa finalidade de canalizar correctamente, cunha visión global da xestión, cada un deles en función do destinatario final da información. É ben sabido, polas carencias históricas dos concellos, que a información e comunicación municipal se move aínda a impulsos da improvisación cotiá o que dificulta ós axentes informativos (xornalistas, persoal encargado de resolver cuestións veciñais ou dos cidadáns que as solicitan, etc) a posibilidade de ter tódalas claves para realizar unha correcta interpretación do tema tratado. Coa funcionalidade desta nova empresa artéllanse uns mecanismos non burocratizados, e pola contra moi profesionais, que ofrezan unha mellor proxección pública das cuestións municipais.

INCOLSA actuará, por tanto, no ámbito de atención ós medios de comunicación, xa sexan locais ou alleos a Compostela, atendendo á demanda dos mesmos ou deseñando, coordinando e executando as liñas de comunicación institucional emanadas da xestión de goberno e de interese para a cidade.

Actuará na planificación e posterior funcionamento dos medios de comunicación institucionais que se creen, prestando asesoramento e apoio na participación do Concello nas novas canles comunicacionais que poidan xurdir do avance das tecnoloxías presentes e futuras.

Actuará nos ámbitos da comunicación publicitaria e das publicacións institucionais.

Actuará nos ámbitos das relacións públicas e atención ó cidadán, potenciando a proxección pública institucional das actuacións do Concello en beneficio dos administrados, gabinetes e mecanismos de información, exposicións, reunións informativas, promoción da cidade, etc.

Actuará no ámbito da vixilancia e protección da correcta utilización



CONCELLO DE SANTIAGO 285009553

DILIXENCIA DE CONTRONTACIÓN

O presente escrito concorda co seu lexiro
que me foi amosado

Santiago de 19 de 19

O SECRETARIO

dos símbolos, anagramas, logotipos, imaxes, conceptos, etc. que institucionalmente representen ó Concello e ás súas empresas municipais ou participadas.

III OBXECTIVOS

O obxectivo primeiro de **INCOLSA** será o de ordenar e coordena-las diversas fontes informativas internas do Concello de Santiago de Compostela, artellando un mellor e máis eficaz servizo de relación institucional, para ofertar unha mellor e máis transparente comunicación entre a institución municipal e os distintos públicos posibles.

No seu cometido terá como obxectivo que a veracidade e imparcialidade – atendendo ó pluralismo político, relixioso, social e cultural – , sexa o principio que rixa tódalas actuacións informativas e de proxección pública emanadas do Concello.

INCOLSA será un instrumento óptimo para, desde unha perspectiva moderna da comunicación institucional, dar cumprida resposta á demanda do gran volume de medios existentes en Compostela. Medios que, en moitos casos, carecen dos recursos suficientes para, diante da necesaria valoración informativa do que acontece nun mesmo tempo na cidade, estar presentes e ser difusores dos aspectos noticiosos producidos no plano "local".

Deste xeito a empresa municipal velará por facer públicas, poñendo os recursos supletorios e a necesaria e pluralista colaboración cos medios de comunicación, as mensaxes que deben ser coñecidas e valoradas polos cidadáns. Con esta actuación lograrase que a cidadanía non permaneza de costas á realidade compostelana abrumada por outras cuestións de relevancia


que, producíndose na propia capital, non teñan unha incidencia directa nos seus intereses locais.

INCOLSA complementará as informacións dos medios mediante a posta en servizo e mantemento de canles municipais públicas, publicacións periódicas, edicións audiovisuais, folletos, cartelería, etc., co obxecto de incidir naqueles aspectos de interese para os composteláns que os medios tradicionais de cobertura máis ampla habitualmente non recollen, polas lóxicas limitacións que lle impoñen os seus recursos de espazo ou tempo.

Será obxectivo de **INCOLSA** proxectar informativamente a realidade de Compostela máis aló dos límites do municipio. Dada a importancia do sector turístico na nosa cidade e con el a crecente forza de Compostela como cidade de congresos e exposicións, ten que ser un obxectivo de primeira importancia manter sempre abertas as canles á información de carácter cultural, de ocio e turismo, proxectando por eles a oferta compostelá e vixiando que o bo nome e prestixio da cidade non sufra menoscabo.

INCOLSA creará as canles apropiadas e necesarias para obter recursos alleos que cofinancien as actuacións informativas. Farao mediante convenios, xestións publicitarias para as publicacións e emisións audiovisuais - acordadas con outros medios de comunicación ou propias -, patrocinios, subvencións doutras entidades, etc.

Finalmente, nunha sociedade cada día máis saturada de mensaxes, **INCOLSA** fará dos actos comunicacionais do Concello un produto globalizado, intelixible, dinámico e coherente cunha proxección pública moderna e eficaz.



CONCELLO DE
SANTIAGO



GOBIERNO DE SANTIAGO
SECRETARÍA DE COLONIZACIÓN
que me fué amosado
Santiago, de de 19__
O SECRETARIO.

IV FACULTADES

Como principal facultade, INCOLSA terá a de xestionar e emití-la información de xeito integral de canto acontece como consecuencia da xestión municipal.

No concepto de "información integral" englóbanse todos aqueles aspectos que inciden no proceso comunicacional ou que son recursos para facelos chegar desde o ente emisor, neste caso o Concello, ós receptores: os cidadáns.

Para cumpli-los obxectivos esixidos, INCOLSA contará cunha infraestructura propia, tanto de recursos materiais como humanos. A organización interna, que será facultade do Director-Xerente, se adaptará en cada momento en función dos proxectos en execución. Contará co persoal administrativo necesario e coa dotación de profesionais da comunicación oportuna para cada momento.

Desglose dos principais aspectos e apartados comunicacionais nos que INCOLSA incidirá para ofertar unha comunicación transparente e eficaz da vida municipal:

a/ ATENCIÓN ÓS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Esta é a tarefa máis cotiá e coñecida do labor dos gabinetes de prensa tradicionais. Coa nova estrutura da empresa municipal este traballo se realizará dun xeito máis dinámico e profesionalizado.

Sobre esta función recae a responsabilidade non só de convoca-los medios, atende-las súas peticións, elabora-la documentación necesaria en

cada caso e face-lo labor dos informadores máis fácil, se non que **INCOLSA**, cos recursos e equipos técnicos necesarios, fará deste departamento un instrumento para cubri-los espacios que os propios medios non poden atender polas carencias de recursos normais nunha cidade tan saturada informativamente como Compostela.

Nesta tarefa se encadra o seguimento da información publicada; a elaboración dos extractos de prensa diarios; e o arquivo documental, fotográfico, visual e sonoro.

b/ PUBLICIDADE

INCOLSA entenderá a publicidade como un axente comunicador de información e non como un mero vehículo de propaganda, tablón de anuncios ou comunicados.

Partindo desta premisa, cada acción publicitaria será estudada profesionalmente coa finalidade de acadar a maior eficacia de cara ó obxectivo receptor. Ademais do proceso globalizador que representa unha xestión centralizada, **INCOLSA** introducirá con iso unha maior coherencia na sucesión de campañas, tentará evitar superposicións das mensaxes dos diferentes departamentos e ordenará as mesmas en secuencias temporais ou de medios de comunicación, en función do interese cidadán.

INCOLSA centralizará, deseñará, programará e executará tódalas accións publicitarias que deban emanar do Concello, optimizando deste xeito os recursos, obtendo mellores contrapartidas dos medios de comunicación e racionalizando os presupostos dentro dun obxectivo común de tódolos departamentos: a transparencia e eficacia na xestión comunicacional.

Para esta e outras tarefas, **INCOLSA** disporá dun equipo de autoedición e predeseño que facilite un mellor entendemento entre as ideas e



CONCELLO

2S5009555

SANTIAGO

DIRECCIÓN DE CONTROLACIÓN

Monte escrito concorda co seu director
que me foi amosado

Santiago, de de 19

O SECRETARIO,

os conceptos que é necesario emitir e a realización final dos profesionais ou empresas ás que se lles adxudiquen os traballos en cada caso.

d/ ATENCIÓN Ó CIDADÁN

Desde a súa acción coordinadora, **INCOLSA** deseñará e actualizará as canles existentes, executando os programas de atención e información ós cidadáns en tódalas facetas posibles presentes e futuras. Sen embargo, a atención será sempre de índole informativa, aínda que poida xestionar, tramitar e executar aquelas consultas, queixas ou necesidades dos cidadáns que aprobe o Grupo de goberno baixo parágrafos de asuntos xenéricos.

Con tal finalidade, a empresa utilizará os servizos directos de persoal, medios electrónicos e de telecomunicación tradicionais, servizos de correos e mensaxería, e calquera outros avances técnicos (televisión por cable, conexión de ordenadores mediante módem, mensaxes por ondas hercianas, etc.).

e/ PUBLICACIÓNS

Enténdense por publicacións os libros, revistas, suplementos de prensa, catálogos, folletos, programas de man, cartelería, mensaxes institucionais personalizadas e as edicións e duplicacións de audiovisuais.

Competirá a **INCOLSA** deseñar e executar, ben con recursos propios ou dos diferentes departamentos ós que correspondan, tódalas publicacións que decida xera-lo Concello.

Do mesmo xeito que nos apartados anteriores, esta función centralizadora terá como finalidade acadar unha maior coherencia, tanto semiótica como de contidos conceptuais, entre tódolos elementos que baixo do epígrafe de "publicacións" realizan as diferentes concellerías e departamentos.

Igualmente, esta operación representará unha mellor optimización dos



CONCELLO DE SANTIAGO
SECRETARÍA DE CONTRONTACIÓN
O secretario escrito concorda co seu afixado
que lle foi arrosado
Santiago, de de 19

O SECRETARIO.

recursos municipais en dúas vertentes. Unha, ó face-las publicacións desde unha óptica coherente e xeneral, aproveítase a sinerxia que cada unha delas xera. E dous, a centralización do proceso evita duplicidades nos factores de produción: fotografías, traballos infográficos, fotolitos recuperables, procesos de fotomecánica máis áxiles, textos, etc.

f/ NOVOS MEDIOS E CANLES

Diante do pulo das novas tecnoloxías da comunicación escrita, da comunicación audiovisual por ondas hercianas ou por cable, e da comunicación personalizada mediante a comercialización ou difusión de elementos reproducibles, INCOLSA ten a obriga de emprender, propoñer e planifica-los estudos que aporten alternativas nos novos campos para unha mellor e máis eficaz comunicación municipal.

INCOLSA, planificará e executará nestes novos campos aqueles proxectos propostos que sexan aprobados polo grupo de goberno.

g/ EXPOSICIÓNS

Entendemos por exposicións todas aquelas mostras públicas que os diferentes departamentos do Concello decidan ou teñan a obriga de executar co obxecto de informar ó cidadán.

Este é outro campo no que INCOLSA poderá realizar un importante labor organizadora e de aproveitamento dos recursos, debido a que os materiais expositivos, elaborados desde a planificación xeral e cun calendario de previsións das distintas fontes, poderán ter unha maior polivalencia, e permitirá acceder á adquisición de elementos comúns rendabilizándoos polo uso (paneis, mobiliario, material de son e luminotecnia, carpas, emisores de audiovisuais, etc.). Mesmo o aproveitamento no tempo ou a reciclaxe de materiais específicos (fotografías, duratrás, maquetas, carteis, etc) poden supoñer un aforro importante e, polo tanto, unha mellor xestión dos recursos.



Q. presente escrito concierne en su última
 parte al amosado

Santiago, de de 19

SECRETARIA O SECRETARIO


Neste eido, **INCOLSA** aportará criterios de profesionalidade e coherencia co resto das mensaxes que noutros campos se emiten. Participará na creación das mostras e executará, con recursos propios ou do departamento emisor, o proxecto final aceptado polo departamento en cuestión.

h/ PROMOCIÓN DA CIDADE

Toda comunicación exterior, por calquera canle, debe representar unha proxección e promoción da cidade dado o seu carácter de centro receptor de turismo e congresos, de promotor de cultura e tempo de ocio de calidade.

Desde esta perspectiva, **INCOLSA** colaborará cos departamentos de Turismo e Cultura coordinando, executando ou difundindo, na medida das competencias atribuídas, as accións emprendidas por ambos conxunta ou separadamente.

Dun modo independente, **INCOLSA** deseñará e executará proxectos estritamente dirixidos ós medios de comunicación que fomenten o coñecemento e recoñecemento de Santiago de Compostela no mundo, que mostren a actualidade ou aspectos da xestión municipal merecentes de trascender, ou que salvagarden ou desmintan posibles erros informativos. **INCOLSA** coordinará estas accións coas Concellerías de Cultura, de Turismo e, nos casos específicos dos temas tratados, coa Concellería que lle corresponda.



i/ ASESORAMENTO

INCOLSA asesorará en materia de comunicación e proxección pública á Alcaldía e a tódolas áreas e departamentos municipais que o soliciten.

Igualmente, **INCOLSA** asesorará e colaborará nos campos da súa competencia con tódalas empresas ou organismos de titularidade municipal e naquelas outras que sexan participadas.

V XESTIÓN ECONÓMICA E MEDIOS DE FINANCIAMENTO

De acordo co estipulado no artigo 31 dos Estatutos, **INCOLSA** se financiará mediante a subvención que anualmente figurará nos Presupostos Xerais do Concello, das subvencións que xestione e obteña das distintas Institucións, e dos recursos que se deriven da súa actividade empresarial.

O custe económico de partida deberá ser mínimo, dependendo sempre do custe final, en función dos servizos e xestións encomendadas polo propio Concello á empresa en cada anualidade.

CADRO DE PERSOAL.

O cadro de persoal inicial de **INCOLSA** estará composto por un Director-Xerente e un Auxiliar Administrativo.

Inicialmente o labor de administración da Sociedade será executado polo Interventor do Concello ou o funcionario no que delegue.

As funcións administrativas e o cadro de persoal axustaranse, do

285009557



O presente escrito concorda co seu
que me foi amosado.

Santiago de de 19


O SECRETARIO.

mesmo xeito que os presupostos , dependendo das funcións e xestións
encomendadas polo Concello.



CONCELLO DE SANTIAGO
O presente documento concorda co seu original
que me foi empenado
Santiago, de 19 de 19
O SECRETARIO.

MEMORIA XURÍDICA



O artigo 20 da Constitución reconece o dereito a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución.

O Concello de Santiago, en uso deste dereito constitucional, e sempre na busca da satisfacción do maior número de intereses da comunidade da que ten encomendados o seu goberno e administración, vén desenvolvendo determinadas facetas do que constitúen os servizos de información e comunicación públicos a nivel local. Proponse, ademais, o establecemento futuro, a curto ou longo prazo, doutros instrumentos de difusión que sexan de utilidade pública e poidan contribuír a un maior acercamento á comunidade veciñal.

Na actualidade, os servizos de comunicación xestionados polo Concello de Santiago, préstanse mediante xestión directa e sen órgano especial de administración, na forma prevista no artigo 85.3. a) da Ley de Bases e 95 do Texto Refundido, modo de xestión que é regra xeral na actuación das Entidades locais.

Os medios existentes veranse complementados co establecemento e organización doutros, sempre na liña de prestación integral do servizo público de comunicación, que virán a incidir en campos de actuación ata agora non abordados, pero que non poden ser descoñecidos á luz das conquistas técnicas e sociais de toda índole que demandan unha constante adaptación das estruturas ás novas posibilidades.

Os adiantos científicos, técnicos, económicos e culturais, que en progresión xométrica van invadindo tódalas actividades humanas, teñen unha incidencia especialmente notable no ámbito dos medios de difusión sociais.

O descoñecemento destes potenciais supón deixar pasar inmellorables



O documento escrito concorda co que me foi amosado

de 19__

SECRETARÍA

oportunidades de achegamento entre os individuos e grupos que integran a poboación do municipio, difusión da cultura autóctona, de coñecementos dos problemas comúns e de fomento da participación na vida comunitaria.

Pola contra, o aproveitamento máximo dos novos medios equivale en parte ó cumprimento do mandato constitucional de facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

A importancia actual e futura do servicio determina a insuficiencia sobrevida da xestión directa indiferenciada, forma que resulta xa inadecuada para satisfacer as esixencias de axilidade e eficiencia no servicio que non se poden acadar con plenitude baixo o sometemento a técnicas e normas puramente administrativas.

As propias características da actividade, en canto ó seu funcionamento práctico, a emparentan máis cos postulados do Dereito Mercantil que cos propios do ordenamento xurídico administrativo, sen que poida esquecerse que, pola súa condición de servicio público e pola necesidade e conveniencia de non se ver sustraída ou alonxada do control da Corporación, non debe abandonarse a xestión directa.

Isto leva ó convencemento de que o mellor xeito de xestión, sen prexuízo de que noutro momento poidese considerarse de distinta maneira, é a sociedade mercantil da que o capital social penenza integramente á Entidade local, forma prevista no artigo 85.3.c) da Ley de Bases.

Deste xeito, posibilitase unha xestión unitaria do servicio, o que permite un enfoque global dos problemas que poidan suscitarse en relación con aspectos comúns dos diferentes medios ou actividades, evitando a dispersión de esforzos.



CONCELLO DE SANTIAGO

2S5009559

O Concello concorda co seu
que ma foi amosado

Santiago de de 19

O SECRETARIO

En definitiva, o que se propón é unha municipalización do servizo no aspecto sustantivo, e unha sociedade mercantil con capital integramente pertencente ó Concello no aspecto formal.

A municipalización é perfectamente viable no caso que nos ocupa á luz do que dispón o artigo 96 do Texto Refundido, segundo o que "A iniciativa das Entidades Locais para o exercicio de actividades económicas, cando o sexa en réxime de libre concurrencia, poderá recaer sobre calquera tipo de actividades que sexa de utilidade pública e se preste dentro do termo municipal e en beneficio dos seus habitantes".

De maneira implícita faise alusión a estes requisitos no Acordo da Comisión de Goberno que designou a Comisión de estudo elaboradora desta Memoria, cando no seu texto se menciona a necesidade "dunha atención específica á prestación deste tipo de servizos que favorecen a información local, protexen e difunden a cultura autóctona, engarzan os sectores territoriais da cidade e constitúen un marco idóneo para fomenta-la participación dos cidadáns nos asuntos de interese xeral".

No artigo 46 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais establécese que "para que proceda a municipalización ou provincialización requirírase a concorrencia das seguintes circunstancias nos servizos ós que se van referir: a) Que teñan natureza mercantil, industrial, extractiva, forestal ou agraria. b) Que sexan de primeira necesidade ou de mera utilidade pública, aínda que non se encontren especificamente determinados nas enumeracións da competencia local, sempre que teñan por obxecto o fomento dos intereses e o beneficio dos habitantes da demarcación municipal ou provincial. c) Que se presten dentro do correspondente termo municipal ou provincial, aínda que algúns elementos do servizo se atopen fóra dun ou doutro. d) Que se dirixan á finalidade sinalada no parágrafo 2 do artigo anterior". ("As municipalizacións e as provincializacións tenderán a conseguir que a prestación dos servizos



O presente escrito concorda co seu
que me foi amosado

Santiago de de 19

O SECRETARIO.

reporte ós usuarios condicións máis ventaxosas que as que puidese ofrecerlles a iniciativa particular e a xestión indirecta").

O carácter económico da actividade está fóra de toda dúbida, e máis en concreto a súa natureza industrial e mercantil, en canto que se pode falar dunhas operacións materiais de transformación para a obtención dun produto (producción de programas, explotación comercial de publicacións, imaxe corporativa, símbolos, anagramas, etc...), do que o seu resultado entra despois nun mercado e pode producir unhas ganancias.

Igualmente, se cumpre o requisito da trascendencia social, desde logo predicable dos servizos de comunicación, dos que o seu papel e importancia no mundo moderno acadaron cotas inimaxinables hai anos, empurrados polo desenvolvemento científico, técnico e industrial, o que fai que na actualidade a tecnoloxía das telecomunicacións, ó tempo que proporciona comercialmente o instrumento integrador de todo tipo de sinais (voz, datos, textos e imaxe), posibilita un medio seguro e competitivo para transportar grandes cantidades de información.

A limitación territorial é unha condición innecesaria, por canto a propia Ley Reguladora das Bases do Réxime Local circunscribe as actividades dos Concellos ó territorio integrante do seu termo municipal.

En calquera caso, cúmprese a existencia legal, pois o servizo municipalízase atendendo, en canto ó ámbito espacial, ó termo municipal de Santiago de Compostela.

Por outra parte, a municipalización tenderá a conseguir que a prestación dos servizos proporcione ós usuarios unhas condicións máis ventaxosas cas que puidese ofrecerlle a iniciativa particular e a xestión unitaria, un enfoque global e unha unificación de esforzos.

O presente escrito concorda co que me foi amosado

Santiago, de de 19

O SECRETARIO.

CONCELLO DE SANTIAGO



A maneira de municipalización elixida, como queda dito, é a sociedade mercantil con capital social íntegramente pertencente ó Concello, á que se refire o artigo 85.3.c) da Ley Reguladora das Bases do Réxime Local. E máis concretamente, adóptase a de sociedade anónima.

Isto en cumprimento do que dispón o artigo 103 do Texto Refundido, segundo o que "nos casos en que o servicio ou actividade se xestione directamente en forma de Empresa privada, haberá de adoptarse unha das formas de Sociedade mercantil de responsabilidade limitada. A Sociedade constituirase e actuará conforme ás disposicións legais mercantís, e na escritura de constitución constará o capital, que deberá ser aportado íntegramente pola Entidade local, a forma de constituí-lo Consello de Administración e a determinación dos que teñan dereito a emitir voto representando ó capital social".

As razóns xustificables da elección, entre as diferentes modalidades de xestión directa, da forma de empresa privada municipal, son variadas.

Dunha parte, o sometemento ás normas do Dereito Privado ("A Sociedade constituirase e actuará conforme ás disposicións legais mercantís"). Suxección a disposicións iusprivatistas que permiten a actuación do servicio sen as trabas e entorpecementos que son consecuencias obxetivamente ineludibles da aplicación de procedementos de natureza administrativa: trámites retardativos, xestión burocrática, etc. A empresa municipal, ó se desenvolver nunha órbita estrictamente mercantil, gaña en axilidade e autonomía, limitando as intervencións xerarquizadas e tutelares dos seus procedementos.

Sen embargo, en canto que a Empresa municipal é sinxelamente unha fórmula xestora dun servicio público municipal e que opera con medios financeiros que proceden, principalmente, da propia Administración Local,

... escrito concorda co seu...
... de 19...
... SECRETARIO

tutelando uns intereses xerais, esixe un control ou intervención por parte da Corporación. Este control queda asegurado pola coincidencia orgánica entre a Xunta Xeral da Sociedade que se crea e o Pleno do Concello.

Por outra parte, a responsabilidade do Concello, de conformidade co Texto Refundido da Ley de Sociedades Anónimas de 1989, queda limitada estrictamente con relación ó servizo, ó capital afectado ó mesmo, sen que o poidan afecta-las repercusións económicas que excedan do importe do referido capital.

E en terceiro lugar, a reserva do dominio absoluto da Empresa polo Concello. Desde un punto de vista convencional, a Empresa está dotada de personalidade xurídica propia e constitúe, por tanto, unha individualidade xurídica perfectamente diferenciada da Entidade local que a crea. Existen teoricamente dúas vontades distintas, sen posibilidade formal de interferencia recíproca. Pero, na práctica, o órgano supremo de dirección é o Municipio que, para eses exclusivos efectos, deixa de ser Concello para se converter en Xunta Xeral, sen alteración algunha nos seus elementos integrantes (artigo 90.1 do Regulamento), e ese mesmo Concello será propietario exclusivo do capital da Sociedade (artigo 89.2 do Regulamento).

O instrumento xurídico fundamental que vai determina-la vida da Sociedade Anónima que se crea son os seus Estatutos, dos que o seu proxecto se inclúe nesta Memoria conforme ó mandato legal, e no que se recollen tanto as determinacións impostas pola Ley como outros extremos que a mesma non contempla e que deixa á vontade dos que interveñen no acto constitucional.

Nos Estatutos regúlanse, entre outras, as seguintes materias:

-O obxecto social, redactado nun senso amplo, a fin de ofrecer unhas marxes extensas de actuación nunha materia como a que se regula que ofrece,

255009561


CONCELLO DE SANTIAGO

DILIXENCIA DE CONFRONTACIÓN

O presente escrito concorda co seu orixinal
que me foi amosado

Santiago, _____ de _____ de 19____

O SECRETARIO

CONCELLO DE
SANTIAGO

sobre todo, unhas perspectivas futuras das que a concrección non se pode determinar inicialmente, pero para as que se debe deixar aberto un camiño exento de eventuais dificultades.

-Os principios xerais de actuación, que introducen unhas pautas ou directrices de carácter xenérico conforme ás que se debe de encauzar toda a actividade que se desenvolva na xestión do servicio.


-O capital social, aportado na súa totalidade polo Concello, e ~~totalmente~~ *totalmente* desembolsado no momento en que se outorgue a escritura pública de constitución, da que a súa cifra marca o límite da responsabilidade da Entidade Local.

-A Xunta Xeral constituída polo Pleno da Corporación, co que coincide por tanto no que concerne ás persoas físicas que integran ambos órganos decisorios, asegurando o control municipal da Sociedade que se constitúe, e, por tanto, do Servicio que presta.

-Polo que se refire ó Consello de Administración, regúlase a súa composición, renovación, quorums de asistencia e votación e facultades, así como a posibilidade de nomeamento dun Comité de Xerencia e de Comisións permanentes ou transitorias, coa fin de facer posible unha maior axilidade na toma de decisións.

-Destínase unha Sección ó Director-Xerente para completa-la triloxía de órganos sociais, con especial referencia ós requisitos, facultades, dereitos e obrigas.

-Regúlase a actuación do Secretario Xeral do Concello e o Interventor de Fondos, con remisión expresa ás facultades e obrigas propias dos seus respectivos cargos, determinadas na normativa de Réxime Local vixente.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



CONCELLO DE SANTIAGO

DILIXENCIA DE CONTRONTACIÓN

O presente escrito concorda co seu orixinal
que me foi amosado

Santiago, _____ de _____ de 19____

O SECRETARIO

-A preceptiva censura de contas encoméndase a Concelleiros que non pertencen ó Consello de Administración.

-No que se refire a Contabilidade e Réxime de Beneficios, establécese a obrigatorio de inversión destes últimos, caso de que existan, en melloras e ampliacións do propio servicio.

-Finalmente, prevese a disolución e liquidación da Sociedade, que loxicamente comportará a cesación na prestación do servicio, polo que se cumpre o preceptuado na letra b) do artigo 97.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986.


285009562



CONCELLO DE SANTIAGO
DIRECCION DE CONTRONIA

Este escrito concorda co se
a for amozado

Santiago, de de 19
O SECRETARIO



CONCELLO DE
SANTIAGO

ESTATUTOS

TITULO I

DENOMINACION, OBXECTIVOS, DURACION, DOMICILIO SOCIAL E AMBITO NORMATIVO.

ARTIGO 1º.- Coa denominación de "INFORMACION E COMUNICACION LOCAL, SOCIEDADE ANONIMA", e por anagrama "INCOLSA", expresión que se utilizará en adiante para designala, créase unha Empresa municipal, en forma de Sociedade Anónima, que se rexerá na súa constitución e actuación polas normas reguladoras das Sociedades Anónimas, pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de Abril), Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de Abril), Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, e demais normativa que resulte de aplicación.

ARTIGO 2º.- Constitúe o obxecto social de INCOLSA, a explotación e xestión dos intereses e dereitos municipais en materia de comunicación e proxección pública, a xestión dos medios de comunicación do Concello de Santiago de Compostela, a prestación de servicios de información e comunicación deste Concello e a xestión e prestación de servicios de información e comunicación en xeral. E, en especial:

- a) A comunicación impresa mediante revistas, folletos, carteis e calquera outro medio que se estime necesario.
- b) A produción, reprodución e difusión de imaxes e sons, a través dos sistemas que se consideren oportunos.
- c) O desenvolvemento doutros medios de información e comunicación que se consideren convenientes..
- d) O desenvolvemento e xestión de exposicións, campañas de información, promoción, etc.

haberle escrito concorda co seu ~~GRUPO~~
me foi amosado

Santiago, de de 19

SECRETARIA O SECRETARIO

- e) O asesoramento e a xestión de asuntos que impliquen programas ou demandas de comunicación integral.
- f) A participación, concertación e colaboración en entidades, empresas ou institucións das que as súas fins e obxectivos sexan coincidentes ou complementarios cos previstos neste artigo.
- g) A explotación comercial de publicacións, imaxe corporativa, símbolos e anagramas titularidade do Concello de Santiago de Compostela.
- h) Cantas actividades ou funcións sexan anexas ou complementarias das anteriores e, en xeral, todas aquelas encamiñadas á promoción da cidade de Santiago e dos seus habitantes.

ARTIGO 3º.- No exercicio das actividades que constitúen o seu obxecto social, INCOLSA axustarase, en todo caso, ós seguintes criterios xerais de actuación:

- a) O respecto, defensa e promoción dos principios que informan a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía para Galicia e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten.
- b) A obxectividade, veracidade e imparcialidade nas informacións.
- c) A defensa e promoción do idioma galego e da plena normalización lingüística.
- d) A promoción cultural e social da cidade de Santiago e de tódolos seus habitantes.
- e) A separación entre informacións e opinións, a identificación dos que sustentan estas últimas e a libre expresión das mesmas.
- f) O respecto ó pluralismo político, relixioso, social e cultural.
- g) O respecto á honra, a fama, a vida privada das persoas e cantos dereitos e liberdades recoñece a Constitución.
- h) A protección da xuventude e da infancia.
- i) O respecto ós valores de igualdade recollidos no artigo 14 da Constitución.

ARTIGO 4º.- INCOLSA constitúese por tempo indefinido e as súas operacións darán comezo o día da constitución da Sociedade.

ARTIGO 5º.- INCOLSA establecerá o seu domicilio social no Pazo de Raxoi, Casa Consistorial do Concello de Santiago de Compostela.

O Consello de Administración poderá trasladalo domicilio dentro do termo municipal de Santiago.

TITULO II CAPITAL SOCIAL

ARTIGO 6º.- O capital social de INCOLSA fíxase en DEZ MILLONS DE PESETAS, representado por CEN accións de CEN MIL PESETAS cada unha, numeradas do un ó cen, ámbolos dous inclusive, de única serie e clase, todas nominativas, totalmente desembolsadas e suscritas polo Excmo. Concello de Santiago de Compostela.


Poderanse adscribir ó patrimonio de INCOLSA, en concepto de cesión de uso, e con independencia do réxime xurídico e económico que en cada caso corresponda, os bens e dereitos de titularidade municipal, afectos ó cumprimento do seu obxectivo social, e conservando ditos bens a súa calificación xurídica ordinaria.

ARTIGO 7º.- A Sociedade poderá aumentar ou reduci-lo capital conforme ás disposicións legais vixentes. A Xunta Xeral determinará as condicións particulares e formas nas que haberá de verificarse cada nova ampliación ou redución.

ARTIGO 8º.- A Sociedade poderá, por acordo da Xunta Xeral, a proposta do Consello de Administración, emitir obrigacións hipotecarias ou



... como escrito concorda co seu
... me foi amosado
Santiago, ... de 19...



non, co interese, prazo de reembolso e demais condicións que a mesma Xunta determine e dito Consello propoña.

TITULO III

GOBERNO E ADMINISTRACION DA SOCIEDADE

ARTIGO 9º.- A Dirección e Administración de INCOLSA estará a cargo dos seguintes órganos:

- a) A Xunta Xeral.
- b) O Consello de Administración.
- c) O Director-Xerente.

Sección 1.-A Xunta Xeral

ARTIGO 10º.- A Xunta Xeral é o órgano supremo da Sociedade e estará constituída pola Corporación en Pleno do Excmo. Concello de Santiago.

Estará presidida polo Alcalde, e asistirán con voz pero sen voto aqueles membros do Consello que non formen parte da Corporación, así como o Director-Xerente, actuando como Secretario o da Corporación Municipal ou quen regulamentariamente o substitúa.

ARTIGO 11º.- A Xunta Xeral, será convocada polo Presidente, de acordo coas formalidades previstas da Lei e reunirse:

- a) En sesión ordinaria, dentro do primeiro semestre de cada ano natural, para examina-la xestión social, estudar e aprobar, no seu caso, as contas do exercicio anterior, e resolver sobre a aplicación do resultado e sobre asuntos da súa competencia, que a Presidencia decida incluír na Orde do día.
- b) En sesión extraordinaria, tantas veces sexa necesario, a pedimento do

CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

DIPOENCIA DE SANTIAGO

Presencia escrita concorda en que
foi amosado

Santiago, de de 19

O SECRETARIO

Consello de Administración, ou en calquera dos casos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e demais normativa aplicable.


ARTIGO 12º.- Para a válida constitución da Xunta Xeral, en primeira convocatoria, requirírase a asistencia dun tercio do número legal de membros da Corporación. En todo caso, será necesaria a asistencia do Presidente e do Secretario da Corporación ou dos que legalmente os substitúan.

Se en primeira convocatoria non existise o quórum previsto no parágrafo anterior, entenderase convocada automaticamente a sesión á mesma hora, dous días despois. Se tampouco entón se acadase o quórum necesario, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria pospondo o estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día para a primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Os acordos da Xunta adoptaranse por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos nunha determinada dirección son máis cos contrarios. Requirírase maioría absoluta, é dicir máis da metade do número legal de membros da Xunta Xeral, cando pola natureza dos asuntos, legalmente, se requira un quórum especial.

ARTIGO 13º.- Corresponde á Xunta Xeral, sen prexuízo da competencia do Concello Pleno, de acordo co Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

- a) Designa-los Vocais do Consello de Administración.
- b) Modifica-los Estatutos.
- c) Aumentar ou diminuí-lo capital social.
- d) Emitir obrigacións.
- e) Aproba-lo inventario, as contas anuais, e no seu caso, a aplicación do



resultado.

- f) A transformación, fusión ou disolución da Sociedade e, en xeral, calquera modificación dos Estatutos sociais.
- g) As demais competencias que a Lei de Sociedades Anónimas atribúe á Xunta Xeral.

ARTIGO 14º.- O funcionamento da Xunta Xeral rexerase, en canto ó procedemento e réxime de adopción de acordos, polos preceptos contidos na Lei Reguladora do réxime de Sociedades Anónimas e polos presentes Estatutos, nas restantes cuestións sociais.

Sección 2.- O Consello de Administración

ARTIGO 15º.- O Consello de Administración estará integrado polo Presidente e seis Vocais, chamados Conselleiros, membros do Concello Pleno. Non poderán ser Conselleiros aquelas persoas que se atopen incursas en causas de incapacidade e incompatibilidade, de acordo co establecido na vixente lexislación de Réxime Local.

ARTIGO 16º.- A designación dos membros do Consello, realizarase por períodos de catro anos, se ben cesarán automaticamente os designados que perdesen a condición de membros do Concello Pleno.

En calquera caso, cando algún vocal cese no seu cargo, o designado para substituílo será nomeado pola Xunta Xeral para o período de tempo que ó substituído lle quedase por cumprir.

ARTIGO 17º.- A Xunta Xeral, aínda antes de vence-lo prazo, poderá acorda-la remoción no cargo de Conselleiro co quórum previsto no artigo 47.2 da Lei 7/85 de 2 de abril.

ARTIGO 18º.- A Presidencia do Consello recaerá no Excmo. Sr.

Este escrito concorda co que fixina
me foi amosado

Santiago de _____ de 19__

O SECRETARIO.

Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, quen poderá delegar noutro membro da Corporación.

O Presidente do Consello de Administración, ou quen o substitúa, convocará as reunións do Consello, formulando a Orde do Día e dirixindo os debates no seo do mesmo.

ARTIGO 19º.- O Consello celebrará sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ó trimestre. E, extraordinaria, sempre que a convoque o Presidente, ou o soliciten, cando menos, catro Conselleiros.

As sesións celebraranse no domicilio social, ou no lugar que acorde o propio Consello.

As convocatorias deberán conte-la Orde do Día, realizándose as citacións por escrito e cunha antelación mínima de 48 horas, agás que se trate de sesións extraordinarias urxentes, nas que a convocatoria non quedará suxeita a prazo ningún.

ARTIGO 20º.- Os acordos do Consello adoptaranse por maioría de votos, decidindo o do Presidente en caso de empate.

Para a adopción de acordos, será necesaria a asistencia, cando menos, de catro dos seus membros.

No caso de que en primeira convocatoria non se conquese a asistencia do número de membros indicados, citarase para nova reunión non antes das vinte e catro horas seguintes.

ARTIGO 21º.- Os acordos faranse constar nun Libro de Actas, firmado polo Presidente e o Secretario e acreditarase mediante certificacións



CONCELLO DE SANTIAGO 285009566

DIRECCIÓN DE CONTABILIDAD

Este escrito concorda co-
ne foi amosado

Santiago, de

O SECRETARIO

expedidas por este último e visadas por aquel, ou no seu caso, polo Vicepresidente.

ARTIGO 22º.- Son competencias do Consello:

- a) A xestión superior da Sociedade.
- b) O nomeamento do Director-Xerente, fixando os dereitos e obrigas do seu cargo.
- c) Aproba-lo Cadro de persoal .
- d) Autorizar toda clase de contratos, adquisicións e subministros con contía superior ó 1.000.000 de pts. ou, se fose inestimada, cando o seu prazo de duración sexa superior a un ano.
- e) Proponer á Xunta Xeral a aprobación do inventario, as contas anuais, o informe de xestión e a aplicación do resultado, no seu caso, conforme ó disposto no artigo 34 dos Estatutos.
- f) Acordar sobre o exercicio e desistimento de accións xudiciais.
- g) Velar pola observancia dos principios de actuación establecidos no artigo 3 destes Estatutos.
- h) Aproba-lo plan de actividades fixando os criterios básicos e as liñas xerais de actuación.
- i) Aproba-las normas reguladoras de publicidade institucional e privada.
- k) Aproba-lo proxecto de presupostos para a súa posterior elevación ó Concello Pleno para a súa aprobación e integración no xeral da Corporación.
- l) Fixa-la contía das dietas por asistencia ás reunións e das indemnizacións por gastos de estadia, manutención e desprazamento.
- m) Celebrar contratos e convenios con entidades públicas ou privadas e con particulares.
- n) A elección do Vicepresidente, quen substituirá ó Presidente na súa ausencia.
- ñ) Aceptar donacións.
- o) Tomar diñeiro a préstamo ou crédito, recoñecer débedas e créditos.

presente escrito concorda co seu
me foi amosado

Santiago, _____ de _____ de 19____

O SECRETARIO.

- p) Dispor, seguir, abrir e cancelar contas e depósitos.
- q) Nomear e separar empregados e representantes.
- r) Comparecer ante Xulgados e Tribunais de calquera xurisdicción e ante toda clase de organismos públicos.
- s) Cantas materias non estean expresamente reservadas á Xunta Xeral ou ó Director-Xerente.

ARTIGO 23º.- Son facultades do Presidente do Consello de Administración:

- a) Convoca-los Consellos.
- b) Sinala-la Orde dos asuntos que se tratarán en cada reunión.
- c) Presidir e dirixi-las deliberacións e votacións decidindo os empates co seu voto de calidade.
- d) Asina-los contratos aprobados polo Consello.
- e) Actuar en nome do Consello levando a súa representación a toda clase de pleitos e procedementos e nos recursos xudiciais ou administrativos e outorga-los poderes necesarios a estas fins.
- f) Preparar, en unión do Director-Xerente e do Secretario, as propostas, memorias, contas e inventarios que se sometan á aprobación do Consello, así como as liñas básicas e directrices de programación.
- g) Propor e establecer convenios de colaboración con Entidades ou Organismos oficiais ou privados.
- h) Velar polo cumprimento dos acordos do Consello de Administración.
- i) Adopta-las medidas que proceda nos casos de urxencia dando conta logo ó Consello de Administración.
- k) Ordea-los pagos que se efectúen con fondos da entidade e autoriza-los ingresos.
- l) Calquera outra función que nel delegue o Consello de Administración.

ARTIGO 24º.- Os Conselleiros desempeñarán os seus cargos coa dilixencia dun ordeado empresario e dun representante leal, e responderán

285009567



DILIXENCIA DE CONTROL
 Este escrito concorda co seu
 me foi amosado
 en Santiago, a _____ de _____ de 19____
 O SECRETARIO.

fronte á Sociedade, ó Excmo. Concello e ós acreedores do dano que causen por actos contrarios á Lei, ós Estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeña-lo cargo. En calquera caso, estarán exentos de responsabilidade os administradores sempre que se cumpran as circunstancias previstas no parágrafo segundo do artículo 133 da vixente Lei de Sociedades Anónimas.

ARTIGO 25º.- O Consello poderá nomear un Comité de Xerencia que estará integrado polo Presidente, o Vicepresidente e o Secretario do mesmo, e, no seu caso, o Director-Xerente da Sociedade, e poderá delegar permanente ou temporalmente facultades neste órgano.


Así mesmo, o Consello de Administración poderá designar unha ou varias Comisións permanentes ou transitorias, para cantos asuntos se solicite o seu informe polos órganos de goberno e administración da Sociedade.

Sección 3.- O Director-Xerente

ARTIGO 26º.- O Consello de Administración designará un Director-Xerente. O Director-Xerente desempeñará a Xefatura de tódolos servizos técnicos e administrativos, con independencia das funcións que nel delegue o Consello de Administración.

O Consello de Administración, ó tempo de designar á persoa que ocupará o cargo, establecerá mediante contrato as condicións nas que o desempeñará.

ARTIGO 27º.- Ademais das que en cada caso ou en forma xenérica lle confira o Consello de Administración, o Director-Xerente, estatutariamente, terá as seguintes facultades:



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



CONCELLO DE SANTIAGO

DILIXENCIA DE CONFRONTACIÓN

O presente escrito concorda co seu
que me foi amosado

Santiago, _____ de _____ de 19__

O SECRETARIO

- a) Representar á Sociedade en xuízo e fóra del, sempre que actúe por delegación expresa do Presidente do Consello de Administración.
- b) Dicta-las disposicións de réxime interior, organizar e dirixi-los servicios.
- c) Elaborar anualmente o anteproxecto do orzamento da Sociedade.
- d) Velar pola conservación das instalacións e do material fixo ou móbil.
- e) Ordear pagamentos e autorizar ingresos.
- f) Autorizar, conxuntamente co Presidente ou persoa que este designe, os documentos bancarios, preparando cantos datos, propostas e informes resulten precisos para a formulación do inventario e as contas anuais.
- g) Executar e facer cumprí-los acordos do Consello de Administración e do Comité de Xerencia.
- h) Prepara-los expedientes dos asuntos que se traten no Consello de Administración e no Comité de Xerencia e asistir ás súas reunións con voz e sen voto.

Sección 4.- Da Secretaría e Intervención

ARTIGO 28º.- O Secretario Xeral e o Interventor de Fondos Municipais, actuarán na Empresa coas facultades e obrigas propias dos seus respectivos cargos, determinadas na vixente normativa de Réxime Local, asistindo ás reunións do Consello con voz e sen voto.

ARTIGO 29º.- Tanto o Secretario Xeral como o Interventor de Fondos, poderán delega-las súas funcións, total ou parcialmente, en persoa que consideren capacitada.

CONCELLO DE SANTIAGO

DIRECCIÓN DE CONTABILIDAD

... escrito concorda en ...
... me foi amosado

Santiago, de ... de 19...

O SECRETARIO

CONCELLO DE SANTIAGO



TITULO IV CENSURA DE CONTAS

ARTIGO 30º.- As contas anuais e o informe de xestión estarán sometidos, no seu caso, a auditoría se así o esixise a lexislación relativa ás empresas ou entidades incluídas no ámbito das Administracións públicas. Sen embargo, a Xunta Xeral poderá nomear un auditor para a verificación das contas anuais e a realización do informe de xestión.

O seu nomeamento poderá recaer en persoa física ou xurídica, de conformidade co establecido na Lei de Auditoría de Contas 19/88 de 12 de xullo, debéndose emitilo pertinente informe polo Auditor cos requisitos e esixencias normativas establecidas na sección oitava do capítulo 7 da Lei de Sociedades Anónimas.

ARTIGO 31º.- Os recursos da Sociedade procederán da subvención que anualmente figure nos Presupostos Xerais do Concello, das subvencións que obteña das distintas Institucións e os que se deriven da súa actividade empresarial.

TITULO V RECURSOS, CONTABILIDADE E RÉXIME DOS BENEFICIOS

ARTIGO 32º.- O exercicio social comenzará o día 1 de xaneiro e rematará o 31 de decembro de cada ano. Por excepción, o primeiro exercicio social principiará o día de outorgamento da escritura de constitución e rematará o día 31 de decembro do mesmo ano.

ARTIGO 33º.- A contabilidade da Sociedade axustarase ás normas vixentes en materia mercantil, podendo responder a calquera dos sistemas admitidos, así como ás disposicións vixentes en materia de Réxime Local, e de forma especial á Lei 39/88, reguladora das Facendas Locais.

O presente escrito concorda co seu xefe

que me foi amosado

_____ de _____ de 19__

O SECRETARIO

Os presupostos e as contas da Sociedade integraranse e consolidaranse coas do Concello na forma prevista na lexislación vixente.

ARTIGO 34º.- As contas anuais formularanse de acordo coas normas contidas nos artigos 171 e seguintes da Lei de Sociedades Anónimas e disposicións en cada momento vixentes sobre regularización.


ARTIGO 35º.- No caso de existir beneficios, haberán de se investir, integramente, nas melloras e ampliacións que redunden en ben do servizo público que se preste, unha vez cumprido o preceptuado sobre o fondo de reserva na Lei de Sociedades Anónimas.

ARTIGO 36º.- No caso de existir perdas, estarase ó establecido nas disposicións legais vixentes.

TITULO VI DISOLUCION E LIQUIDACION

ARTIGO 37º.- A disolución e liquidación da Sociedade acomodarse ó establecido nas disposicións vixentes, coas especialidades propias da lexislación administrativa e presupostaria que lle sexa de aplicación.

Con carácter xeral son se aplicarán os preceptos correspondentes da Lei de Sociedades Anónimas e lexislación vixente de Réxime Local.



285009569



REGISTRO MERCANTIL CENTRAL
SECCION DE DENOMINACIONES

PRÍNCIPE DE VERGARA, 94
TELÉF. 91 563 12 52
28006 MADRID



CERTIFICACION NO. 98245555

DON Jose Luis Benavides del Rey, Registrador Mercantil Central
en base a lo interesado por:
D/Da. AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
en solicitud formulada con fecha 10/12/1998 y numero de entrada 98246636,

CERTIFICO: Que NO FIGURA registrada la denominacion

INFORMACION E COMUNICACION LOCAL, S.A.

En consecuencia, se ha reservado dicha denominacion a favor del citado interesado, por el plazo de quince meses a contar desde esta fecha, conforme a lo establecido en el articulo 412.1 del reglamento del Registro Mercantil.

Madrid, a Once de Diciembre de Mil Novecientos Noventa y Ocho.

EL REGISTRADOR



NOTA.- Esta certificacion tendra una vigencia, a efectos de otorgamiento de escritura, de DOS MESES contados desde la fecha de su expedicion, de conformidad a lo establecido en el art. 414.1 del Reglamento del Registro Mercantil.

CONCELLO DE
SANTIAGO

FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO, SECRETARIO
XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,


CERTIFICO: Que o Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día
dous de outubro de mil novecentos noventa e oito, adoptou entre outros, o seguinte
acordo:

18. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO GRUPO SOCIALISTA
NA SOCIEDADE INCOLSA.

O Pleno da Corporación acorda por unanimidade designar ós concelleiros Don
José A. Sánchez Bugallo, Dona Delfa Losa García e Don José Angel Baqueiro Canabal
como representantes do Concello por parte do grupo municipal socialista no Consello
de Administración da Sociedade de Información e Comunicación Local, S.A.

E para que conste ós efectos oportunos expido a presente co Visto e Prace do Sr.
Alcalde en Santiago de Compostela, a dez de decembro de mil novecentos noventa e
oito.

Vº. e Prace:
O ALCALDE,



255009571

CONCELLO DE
SANTIAGO



FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO, SECRETARIO XERAL
DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO: Que o Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día
catro de decembro de mil novecentos noventa e oito, adoptou, entre outros o seguinte
acordo:

19. RATIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE MEMBROS DO CONSELLO
DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE INCOLSA.

De conformidade coas propostas formuladas polas voceiras dos grupos municipais
B.N.G. e Popular, o Pleno da Corporación, por unanimidade acorda designar ós seguintes
representantes dos citados grupos no Consello de Administración da Sociedade Mercantil
de titularidade municipal denominada Información e Comunicación Local S.A.
(INCOLSA).

* Polo grupo municipal do B.N.G.:

D. Néstor Rego Candamil.


* Polo grupo municipal popular:

Dona Marta Alvarez Montes.

D. José Ramón de la Fuente Brea.

E para que conste ós efectos oportunos expido a presente co Visto e Prace do Sr.
Alcalde en Santiago de Compostela, a doce de xaneiro de mil novecentos noventa e nove.

Vº. e Prace:
O ALCALDE,



REGISTRO MERCANTIL DE A CORUÑA

Inscrito el día 2 de marzo de 1999
Sociedad Comercial 201 2180
C-21392
do aduana 1244
Mercantil




A Coruña 2 de Marzo de 1999
El Registrador

[Handwritten signature]

REGISTRO MERCANTIL DE A CORUÑA
Bases aplicadas para cálculo de honorarios

☒ Valores declarados ☐ Comprobación fiscal ☒ Actos de cuenta
Número del Arancel 15,13,21 y 0,25
Honorarios 55050

Inscrita en el Registro de Entidades Jurídicas del
Ministerio de Economía y Hacienda con el
C. I. A 15653477
Fecha 11 de marzo de 1999



[Handwritten signature]



(2) SUJEITO PASIVO

(5) TRANSMISIÓN

(13) PRESENTE ALUJ
DO DOCUMENTO

UNIDAD DOCUMENTAL E IDENTIFICACIÓN
NÚMERO DE REGISTRO MERCANTIL

(14) LIQUIDACIÓN

CORUÑA 5 MERC.

Maria Jesus Torres Cortel
Registradora Mercantil
: 19781922-J
A. DE LA SARDINEIRA, 37
CORUÑA 15007

Interesado/a:
INFORMACION E COMUNICACION LOCAL SA
A15683477
PAZO DE RAXOI. CASA CONSISTORIAL
SANTIAGO
A CORUÑA

UTA DE DERECHOS DEVENGADOS

Factura: 1/1999/2,782
Entrada: 1/1999/1,940.0 Diario: 1/63 Asiento: 1643
cepto: Constitucion y otros
eros de arancel: 1

Honorarios del Registro:	55,050
I.V.A.: (16%)	8,808
Retención IRPF : (20%)	-11,010
Total Pts :	52,848

CORUÑA, 9 de Marzo de 1999

La Registradora,

tra la siguiente minuta se pueden imponer los siguientes
URSOS:1- De reforma, dentro de los 15 días siguientes a la fecha
ladevolución del documento, mediante escrito presentado al
istrador.2- De revisión, mientras no transcurra un año desde la
ha del pago, en los mismos terminos. (Art 619 del propio R.H.).
destinatario de esta factura le incumbe la
igación establecida en en el Art. 98 de la Ley 18/1991.



LIQUIDACION DERECHOS REGISTROS Y BORME

	Pesetas	Euros
al Derechos Registro :	52,848	317.62
.R.M.E. :	13,768	82.75
.A. Borme (16%) :	2,203	13.24
Provision de Fondos :	-16,000	-96.16
resado :	52,819	317.45

BOLETIN OFICIAL DEL ESTADO
Boletín Oficial del Registro Mercantil
Sección primera
Trafalgar, 29. 28010 Madrid
Teléfono 538 21 00
CIF: Q-2811001 C

Num.Factura: BORME/1999/2315

CORUÑA 5 MERC.

Q. Entrada: 1/1999/1,940.0

INFORMACION E COMUNICACION LOCAL SA - A15683477

	Pesetas	Euros
Importe de la publicación en el BORME	13,768	82.75
.V.A. 16 %	2,203	13.24
Total	15,971	95.99

A CORUÑA, 9 de Marzo de 1999

Por delegación, El registrador

